

# Actividades de Verán 2019



**CONCELLO  
DE FRADES**



# XUÑO

## APERTURA DA PISCINA MUNICIPAL



**DÍA:** venres 21 de xuño

### HORARIO PISCINA

De luns a venres  
de 15:30 a  
20:30h.

Sábado e  
domingo de 13:30  
a 20:30h.

**Entrada gratuíta.**

Preferencia  
empadroados/as  
en Frades.



# XULLO

## XOVES DE PRAIA

**Días:** 4, 11, 18 e 23

**Lugar:** Praia de Boiro, ou de similares condicións.

**Prezo:** 7€ por día / 25€ mes completo – Nenos/as ata 12

anos: 5€ por día. Non empadroados/as 10€ día/32€ mes completo

\*Poderanse reservar días ou meses completos como máximo o martes anterior a cada saída. Obrigatorio o pago no número de conta, agás as persoas que queden en reserva, que pagarán no autobús no caso de ir.

O percorrido do bus será o de anos anteriores. Preferencia empadroados/as en Frades.



## CAMPIONATO MUNICIPAL DE PESCA

**Día:** Sábado 6 de xullo

**Lugar:** Área recreativa da piscina municipal de Frades

**Hora:** A partir das 10:00 h.

**Idades:** Menores de 16 anos. Os/as menores terán que ir acompañados/as por unha persoa adulta. Os/as participantes deberán ir provistos/as de cana e cebo.

\*Actividade gratuíta. Entrega de agasallos aos/ás participantes e merenda. Anortarse no Concello antes do venres 5 de xullo. Colabora Consellería de Medio Ambiente. Xunta de Galicia.

## DÍA DO/A NENO/A

**Día:** Sábado 13 de xullo

**Lugar:** Piscina municipal de Frades.

**Horario:** A partir das 16:00 h.

**Actividades:** Inchables con Garabato de xogos "Un día especial", tren turístico, festa da escuma, lambetadas e outras sorpresas.

Ás 18:00 h. Espectáculo musical de "PAKOLAS".

Merenda para todos os nenos e nenas. Actividade gratuíta.

Colabora



## CAMPAMENTOS MUNICIPAIS DE VERÁN / CONCILIACIÓN



**Datas:** Do 1 de xullo ata o 9 de agosto (6 semanas) **Horario:** de 9:30 a 13:30h. **Idades:** Maiores de 4 anos (en idade escolar). **Lugar(es):** CPI de Ponte Carreira e instalacións municipais (piscina, campo de fútbol, pavillón...)

**Actividades:** Xogos, obradoiros, experimentando coa ciencia, Masterchef, xardinería, festas, sendeirismo, piscina, festa da auga, actividades deportivas, contacontos, ...

**Prezo:** 25€ quincena, 50€ mes, 75€ campamento completo

. Non empadroados/as 35€ quincena, 70€ mes, 105€ campamento completo.

Data límite para anotarse 26 de xuño. Tempo mínimo de inscrición 15 días. É necesario xuntar un grupo mínimo. Preferencia empadroados/as en Frades.

Desconto para o 2º irmán/á do 20% - 3º irmán/á 50%.

Colabora:



XUNTA  
DE GALICIA



Unión Europea



CONCELLO  
DE FRADES

galicia



Xacobeo 2021

## EXCURSIÓN OU RUTA DE SENDEIRISMO POLOS MUÍÑOS E DOLMEN DE DOMBATE

**Data:** Domingo 21 de xullo

**Horario:** Saída ás 9:00 do concello

**Prezo:** 10€

**1ª OPCIÓN: RUTA SENDEIRISMO**

**Dificultade:** Fácil

**Lonxitude:** 12 km aprox.

**Percorrido:** Saída de Ponteceso ao Monte das Pías, senda de Anllóns e despois unha fermosa camiñada por un paseo de madeira visitando o rego dos Muíños, para pasar polo castro de Borneiro, Vilaseco e rematar esta etapa no Dolmen de Dombate, onde teremos unha visita guiada.


**Recomendacións:** Calzado adecuado para camiñar, roupa cómoda, protector solar e mochila con auga e algo para comer a media mañá (froita, froitos secos, bocadillo...).

**2ª OPCIÓN**

**Contido:** Visita libre por Ponteceso, e visita ao Dolmen de Dombate.

Ao medio día xuntaranse para comer no Dolmen de Dombate (as persoas participantes deberán levar comida), e pola tarde regresaremos a Ponteceso para unha visita libre.

Data límite para anotarse 19 de xullo. Preferencia empadroados/as no concello de Frades.



## EXCURSIÓN AO AQUAPARK DE CERCEDA



**Día:** Venres 26 de xullo. **Prezo:** 0 a 4 anos gratuíto, resto 5€ empadroados/as en Frades – 8€ non empadroados/as

**Horario:** Saída do Concello ás 13:00 h e volta ás 20:00 h da tarde (levar comida).

O Concello subvenciona o transporte. Actividade para todas as idades. Anotarse no Concello antes do 20 de xullo.

## NOITE DE CINE AO AIRE LIBRE "COCO"

**Data:** Venres 26 de xullo. **Horario:**

22:00h. **Lugar:** Praza pública de

Ponte Carreira. Actividade gratuíta.

Para todas as idades. (En caso de


choiva aprazarase). Anotarse no

Concello antes dese día.

Colabora



Deputación  
DA CORUÑA



# EXCURSIÓN INFANTIL A "MAGIKLAND"

**Data:** Sábado 27 de xullo. **Lugar:** Peñafiel-Porto (Portugal). **Horario:** Saída do concello ás 7:00 h e volta sobre as 23:00 h. **Prezo:** **Empadroados/as:** nenos/as 0-4 anos 10€ - nenos/as de 5-12 anos 20€ - Maiores de 12 anos 25€

**Non empadroados/as:** nenos/as 0-4 anos 10€ - nenos/as de 5-12 anos 25€ - Maiores de 12 anos 30€

**Actividades:** acceso ao parque de atraccións Magikland, onde poderán desfrutar de todo tipo de atraccións e espectáculos, incluídos espazos de auga, polo que se recomenda levar traxe de baño, toalla...

Aconsellámoslles levar a comida, tamén hai a posibilidade de comer no parque (menú 9€).

O Concello subvenciona parte da actividade.

Grupo mínimo 35€ persoas, grupo máximo 55 persoas. Preferencia empadroados/as en Frades.

Anotarse no Concello antes do 19 de xullo.



## AGOSTO

### XOVES DE PRAIA

**Días:** 1,8, 13, 22 e 29

**Lugar:** Praia de Boiro, ou de similares condicións.

**Prezo:** 7€ por día / 30€ mes completo – Nenos/as ata 12

anos: 5€ por día. Non empadroados/as 10€ día - 40€ mes completo

\*Poderanse reservar días ou meses completos como máximo o martes anterior a cada saída. Obrigatorio o pago no número de conta, agás as persoas que queden en reserva, que pagarán no autobús no caso de ir.

O percorrido do bus será o de anos anteriores. Preferencia empadroados/as en Frades.



## NOITE DE CINE AO AIRE LIBRE "PÉREZ O RATIÑO"



**Data:** Venres, 2 de agosto

**Lugar:** Praza de Ponte Carreira

**Horario:** 22:00h

Actividade gratuíta. (En caso de choiva aprazarase).

Anotarse no Concello antes dese día.

Colabora:



## RUTA DE SENDEIRISMO OS PASOS DE AIAZO


**Data:** Sábado 3 de agosto. **Horario:** De mañá.

**Lugar:** Área recreativa Os Pasos de Aiazo. Ruta do Tambre.

\*Actividade gratuíta con sorpresas para os/as participantes. Organiza AW "Os Pasos".

Para todas as idades. Interesados/as en participar pñerse en contacto con membros da asociación.

Organiza AW "Os Pasos". Colabora Concello de Frades.



## NOITE DE CINE AO AIRE LIBRE "PETTER RABBIT"

**Data:** Venres 9 de agosto.

**Lugar:** Praza do centro de saúde de Abellá

**Horario:** 22:00 horas.

Actividade gratuíta (en caso de choiva aprazarase).

Anotarse no concello antes dese día.

Colabora:



## EXCURSIÓN A VIVEIRO



**Data:** Sábado 10 de agosto.

**Horario:** Saída do Concello ás 9:00 h

**Contido:** Visitaremos o Miradoiro de San Roque, Gruta de Lourdes, Praza Maior e outros lugares de interese

**Prezo:** 25€ empadroados/as – 30€ non empadroados/as. Nenos ata 12 anos (incluídos) 15€

Preferencia empadroados/as en Frades.

Xantar incluído. Anotarse antes do 2 de agosto.

## MARATÓN DE FÚTBOL 7 INTERPARROQUIAL

**Data:** Domingo 11 de agosto

**Lugar:** Campo de fútbol municipal de Abellá

Trofeos para todos/as os/as participantes

O equipo gañador levará unha cea nun restaurante do concello.



## FESTA DA AUGA

**Data:** Domingo 18 de agosto. **Horario:** A partir das 16:00h. **Lugar:** Piscina municipal de Papucín.

**Actividades:** Inchables acuáticos, tobogán de auga, festa da escuma, batalla de globos e outras sorpresas. Actividade gratuíta.



## NOITE DE GINE AO AIRE LIBRE "A TROPA DE TRAPO"

**Data:** Venres 23 de agosto.

**Lugar:** Praza da Ponte Carreira.

**Horario:** 21:30 horas.

Actividade gratuíta (en caso de choiva aprazarase).

Anotarse no concello antes dese día.

Colabora:



Deputación  
DA CORUÑA



## DÍA DA BICICLETA

**Data:** Sábado 31 de agosto. **Horario:** A partir das 11:00h. **Idades:** Todas as idades. **Lugar:** Praza pública de Ponte Carreira.

Farase unha ruta polo Concello.

Uso obrigatorio de casco.

É necesario anotarse previamente no Concello antes do 19 de agosto.

Agasallos para todas as persoas participantes e merenda.





## CAMPIONATO DE PÁDEL

**Data:** Sábado 31 de agosto. **Horario:** A partir das 16:00h.  
**Lugar:** Piscina municipal. **Inscripción:** Gratuíta. É necesario anotarse previamente no Concello antes do 19 de agosto. Premios especiais para finalistas

## SETEMBRO

### RUTA DE SENDEIRISMO A ASTURIAS "SENDA DO OSO"

**Data:** Sábado 28 de setembro.

**Horario:** Saída ás 7:00 h da mañá do Concello.

**Lugar:** Asturias

**Prezo:** 15€

**Contido:** Ruta de sendeirismo dende Tuñón a Proaza duns 14 km aproximadamente, onde poderemos desfrutar de grandes paisaxes arboradas con áreas recreativas, túneles polos que antes circulaba o tren e pontes que cruzan varios ríos como o Trubia e o Picarós e,

como non, poderemos ver a Paca e Molina, dúas osas que pasan o día dun lado para o outro, de aquí o nome da Senda do oso.

**Recomendacións:** Calzado adecuado para camiñar, roupa cómoda, protector solar e mochila con auga e algo para comer a media mañá (froita, froitos secos, bocadillo...).

As persoas participantes deberán levar comida

Data límite para anotarse 10 de setembro. Preferencia empadroados/as no concello de Frades..



### EXCURSIÓN DE 5 DÍAS A LOURDES, ANDORRA E ZARAGOZA

**Data:** 18, 19, 20, 21 e 22 de setembro

**Percorrido:** 1º día saída e visita a San Sebastián - 2º día visita a Lourdes - 3º día visita a Andorra - 4º día visita a Zaragoza - 5º día visita a Logroño e regreso.

**Prezo:** 330€ empadroados/as – 350€ non empadroados/as – nenos/as ata 12 anos (incluídos) 200€  
Anotacións no concello dende o 1 de agosto ao 4 de setembro.

Reserva do nº de asento e praza por orde de inscrición.

Prazas máximas 55 persoas, preferencia empadroados/as.





# CAMIÑO DE SANTIAGO "VÍA DA PRATA"

**Data:** 1ª etapa Sábado día 19 de outubro (o resto de etapas serán ao longo do ano, sempre en sábados)

**Itinerario:** Dende Xinzo de Limia a Santiago de Compostela en 8 etapas

**Saída:** Dende o Concello ás 7:00 (primeira etapa), o resto das etapas o horario será a determinar segundo a etapa. O autobús levará ás persoas participantes ao inicio da etapa e recolleraas no lugar de chegada, tendo unha parada de avituallamento máis ou menos a metade da etapa.

As etapas faranse os sábados ao longo do ano dependendo da meteoroloxía.

O concello poderá facer modificacións nas etapas co fin de lograr un mellor desenvolvemento da actividade.

**Prezo:** 10€ persoa.



## CURSOS DE VERÁN

### CURSOS DE NATACIÓN

**Data:** Comezo o Luns 8 de xullo e remate o 23 de agosto

**Lugar:** Piscina municipal

**Prezo:** Nenos/as maiores de 4 anos: 20€. Non empadroados/as: 30€.

Adultos/as (maiores de idade): 30€. Non empadroados/as 40€

#### Horario

**NENOS Iniciación: Grupos reducidos, máximo 7 persoas**

Grupo 1 iniciación: Martes e xoves de 14:00 a 14:30

Grupo 2 iniciación: Martes e xoves de 14:30 a 15:00

Grupo 3 iniciación: Martes e xoves de 15:00 a 15:30

**Nenos perfeccionamento, grupo máximo de 15 persoas**

Luns, mércores e venres de 14:45 a 15:30

#### ADULTOS/AS:

Luns, mércores e venres de 14:00 a 14:45

O pago realizarase na piscina municipal.

O Concello subvenciona parte da actividade.

Anotarse antes do 5 de xullo no Concello.



### CURSOS DE NATACIÓN AVANZADA

**Data:** Comezo o 8 de xullo e remate o 23 de agosto

**Lugar:** Piscina municipal - **Prezo:** Empadroados: 30€. Non empadroados/as 40€

**Horario:** Luns, mércores e venres de 20:30 h a 21:15 h.

O pago realizarase na piscina. Necesario xuntar un grupo mínimo de 10 persoas.

O Concello subvenciona parte da actividade.

\* **Curso de natación destinado para persoas, adolescentes ou adultas, que teñan un dominio importante nas distintas técnicas de natación e estén interesadas en adestrar e disfrutar deste deporte.** Anotarse antes do 5 de xullo no Concello.

## AGUAGYM (XIMNASIA NA AUGA)

**Duración:** Do 15 de xullo ao 16 de agosto.


**Lugar:** Piscina municipal.

**Prezo:** 20€ persoa.

**Horario:** Martes e xoves de 20:30 h a 21:15 h

Grupo mínimo de 10 persoas.

Anotarse no concello antes do 11 de xullo.



## CURSO DE PILATES

**Duración:** Meses de xullo e agosto

**Lugar:** Pavillón Municipal de Ponte Carreira


**Horario:** Os luns de 19:30 h a 20:30 h e de 20:30 h a 21:30 h

**Comezo:** O 8 de xullo

**Prezo:** 12€ curso completo - non empadroados/as 15€ (1 hora)

Grupo mínimo 15 persoas. Anotarse antes do 5 de xullo

O Concello subvenciona parte da actividade.



## CURSO DE PATINAXE



**Data:** Meses de xullo e agosto. **Lugar:** Pavillón municipal de

Frades. **Prezo:** 18€ curso completo (o concello subvenciona a outra parte da actividade).

**Horario:** os martes en horario de 16:30 – 18:00 h. **Comezo:** 2 de xullo.

**Contido:** Clases de técnica de iniciación e perfeccionamento. Grupo único de adultos/as e de nenos/as. Necesario xuntar un grupo mínimo de 15 persoas. Anotarse antes do 28 de xuño. O Concello subvenciona parte da actividade.

# CURSOS DE FORMACIÓN

## CURSO DE XARDINERÍA

**Duración:** 16 horas. **Prezo:** 20€. Grupo mínimo de 20 alumnos/as e máximo de 25.

**Contidos:** Nocións xerais sobre o xardín, principio de deseño, preparación do terreo, tarefas de construción e instalacións no xardín e mantemento deste.

**Data de comezo:** a convir unha vez se forme grupo.

**Lugar:** Multiúsos de Frades/leira municipal.



## CURSO DE INFORMÁTICA

**Contidos:** Internet (navegación, correo electrónico, redes sociais...), paquete de Office (Word, Excel, Access, Powerpoint)

**Obxectivo:** Formación personalizada

**Lugar:** Aula informática municipal

**Frecuencia:** 2 días por semana, 2h ao día

**Prezo:** 25€ por mes (non empadroados/as 30€)

**Duración:** 50 horas

Grupo máximo de 16 alumnos/as. Comezo cando se forme o grupo



## CURSO DE MECANOGRAFÍA

**Contidos:** Ten como obxectivo aprender o teclado, colocación correcta, velocidade e axilidade

**Obxectivo:** Formación personalizada

**Lugar:** Aula informática municipal

**Frecuencia:** 2 días por semana, 1 h ao día

**Prezo:** 25 € por mes (non empadroados/as 35€)

**Duración:** 24 horas

Grupo máximo de 16 alumnos/as. Comezo cando se forme o grupo



## CARRETILLEIRO

**Duración:** 20 horas

**Lugar:** Multiúsos de Frades (teoría) e cooperativa de Frades (prácticas)

**Horario:** a convir unha vez que se forme grupo

**Prezo:** Matrícula 100€

## MANIPULADOR/A DE ALIMENTOS

**Prezo:** 20€/curso.

**Destinatarios/as:** Toda persoa que, pola súa actividade laboral, interveña nalguna das fases polas que pasan os alimentos: preparación, fabricación, transformación, envasado, transporte, distribución, manipulación, venda, subministración e servizo

**Lugar:** Multiúsos municipal de Frades

**Prezo:** 20€ persoa

**Horario:** A determinar unha vez que se forme grupo.



## PREPARACIÓN PARA AS PROBAS DE GRADUADO EN ESO



**Lugar:** Multiúsos municipal de Frades.

**Idades:** maiores de 18 anos.  
Mais información no Concello.  
Convocatoria de setembro.

### CELGA - LINGUA GALEGA

Prepara as probas para as convocatorias do Celga a través do SNL da Mancomunidade de Ordes. Se estás interesado/a en presentarte podes poñerte en contacto co Concello de Frades para informarte en que nivel estás interesado/a e intentar formar grupo para o curso do nivel de maior demanda.

Máis información no concello.

### HORTA ECOLÓXICA (3ª EDICIÓN)

Neste curso coñeceremos as plantas e as súas funcións. Tamén veremos as propiedades do solo, como conservalas, control de pragas e enfermidades, malas herbas, aprender a realizar fertilización e coñecer as rotacións dos cultivos máis



importantes

**Duración:** 30 horas

**Prezo:** 40 €

**Lugar:** Multiúsos de Frades/Ieira municipal

**Grupo mínimo:** 20 alumnos/as-máximo 25

**Datas e horario:** A convir unha vez que se forme grupo. Hai prazas vacantes.

### PODA EN VERDE (2ª EDICIÓN)

**Contidos:** Xeneralidades da poda en verde, técnicas básicas de poda, especies máis comúns e a súa poda (froiteiras, hortalizas, ornamentais...)

Cultivo, recolección e conservación. Usos e aplicacións

**Lugar:** Multiúsos de Frades

**Prezo:** 20 €

**Duración:** 16 horas

**Horarios:** Sábados de 10:00 a 12:00h

Grupo mínimo de 20 alumnos/as e máximo de 25.

Data de comezo: cando se forme grupo.

Hai prazas vacantes.





## PLANTAS AROMÁTICAS E MEDICINAIS (3ª EDICIÓN)

**Contidos:** Os principios activos, partes útiles das plantas, (perexil, romeu, alfabaca, tomiño, menta, ourego, salvia...) Cultivo, recolección e conservación. Usos e aplicacións

**Lugar:** Multiúsos municipal

**Prezo:** 20€. **Duración:** 16 horas.

**Horario:** Sábados de 10:00 a 12:00h.

Grupo mínimo de 20 alumnos/as e máximo de 25

**Data de comezo:** cando se forme grupo

## MANIPULACIÓN DE PRODUTOS FITOSANITARIOS E RENOVACIÓN (BÁSICO)

**Duración:** 25 horas teórico-prácticas + 2 horas de exame. **Lugar:** Multiúsos municipal

**Prezo:** 85€ por persoa

**Comezo:** Unha vez se forme grupo.



## COIDADO DO/A COIDADOR/A

**Contidos:** Apoio psicosocial ao/á coidador/a de persoas en situación de dependencia

**Data de comezo:** cando se forme grupo

**Lugar:** Multiúsos municipal

Grupo máximo de 12 alumnos/as. Actividade gratuíta.

## CHARLAS CONSULTORÍA - APROVEITAMENTO DO TERREO/USO DE FERTILIZANTES E MELLORA DAS CONDICIÓN PARA A SEMENTEIRA DE TEMPADA

**Data de comezo:** cando se forme grupo

**Lugar:** Multiúsos municipal

Grupo máximo de 12 alumnos/as. Actividade gratuíta.



## OUTROS CURSOS

- BENESTAR ANIMAL
- NUTRICIÓN E DIETÉTICA
- MOZO/A ALMACÉN
- CONSERVACIÓN DE ALIMENTOS (ENVASADO AO BALEIRO)
- ARTE FLORAL
- ELABORACIÓN BIXUTERÍA CON PASTA FRÍA
- CESTERÍA
- RESTAURACIÓN E TAPICERÍA DE MOBLES
- PATCHWORK
- REPOSTERÍA CREATIVA
- COCIÑA
- CORTADO DO XAMÓN

# HORARIO DE VERÁN DA BIBLIOTECA

De luns a venres de 10:00 a 14:00 h

Martes e xoves de 17:00 a 20:00 h

Faite socio/a e recibirás un libro de regalo.



## REQUISITOS XERAIS DAS ACTIVIDADES

\* TERÁN PREFERENCIA AS PERSOAS EMPADROADAS EN FRADES, AS NON EMPADROADAS CONSULTAR PREZOS.

\* MÁIS INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS NO CONCELLO DE FRADES.

\* O PAGO DAS ACTIVIDADES SERÁ POR ANTICIPADO.

\* O PAGO DE TODAS AS ACTIVIDADES FARASE A TRAVÉS DO NÚMERO DE CONTA:  
ES36 0049 2722 31 2914050280

Pasos que se deben seguir:

1. Inscribirse no concello para a actividade que se queira realizar.

2. Pago mediante ingreso ou transferencia no número de conta arriba indicado, poñendo no concepto a actividade que se vai realizar e o nome da persoa participante.

\* HABERÁ QUE ANOTARSE NO CONCELLO PARA TODAS AS ACTIVIDADES CUNHA SEMANA DE ANTELACIÓN.

\* PARA TODAS AS ACTIVIDADES DEBERÁ HABER UN GRUPO MÍNIMO DE ASISTENTES.

\* NO CASO DE NON XUNTARSE GRUPO, AS ACTIVIDADES PODERÁN SER CANCELADAS.



## NOTAS RECORDATORIAS



### BONIFICACIÓN DO IBI PARA EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS PARA O ANO 2020

Se vostede é un dos/as veciños/as que tivo a bonificación durante o ano 2018 non ten que solicitala de novo, esta bonificación estará vixente mentres manteña a actividade.

É obriga das persoas beneficiarias comunicar calquera cambio substancial na situación que dá orixe á bonificación (cese de actividade, modificación de titularidade etc).

Só terán que pasar polo concello aquelas persoas ás que se lles denegara e agora cumplan os requisitos para achegar a documentación ou aquelas persoas que inician a actividade agrogandeira.

MÁIS INFORMACIÓN NO CONCELLO

## **MEDIO AMBIENTE - PUNTO LIMPO DE FRADES**

Horario: Os mércores de 16:00 a 20:00 e sábados de 12:00 a 16:00.

Depósito de residuos: gratuíto para todos os veciños e veciñas dos Concellos de Frades e Mesía.

Lugar: Ao lado do local social de Céltigos (no lugar de Alemparte).

Para máis información sobre o tipo de residuos que se poden depositar no punto limpo chamar ao Concello.

## **RESIDUOS VOLUMINOSOS**

(Electrodomésticos e ferros). A recollida faise os primeiros mércores de cada mes.

**Nota importante:** Por favor depositar estes residuos o día antes da recollida ao lado dos contedores habituais.

## **RECOLLIDA DE PLÁSTICOS AGRÍCOLAS**

Depositálos no punto limpo situado en Céltigos ao lado do local social. Hai que entregalos perfectamente pregados e atados. Os plásticos non se poden depositar nin dentro nin ao lado dos colectores das parroquias, xa que o servizo de recollida non se fai cargo deles.

**Nota importante:** Poderanse recoller os plásticos nas explotacións sempre e cando chamen antes ao Concello.

## **XESTIÓN DE ENVASES FITOSANITARIOS BALEIROS**

Lémbrese que está prohibido queimar ou depositar nos colectores os envases baleiros de produtos fitosanitarios de uso agrario, tales como: herbicidas, insecticidas... Deberán ser lavados e entregados nalgún establecemento de venda de produtos deste tipo para o seu tratamento.

## **COLECTOR DE RECOLLIDA DE ACEITE VEXETAL USADO DOMÉSTICO**

Existen 3 colectores para a recollida de aceite de uso doméstico nos seguintes puntos do Concello, praza de Ponte Carreira, campo de fútbol de Abellá e Casa do Concello.

## **COLECTOR DE ROUPA**

Existen tres colectores de recollida de roupa e calzado. Están situados na praza do Concello, na praza de Ponte Carreira e xunto ao campo de fútbol de Abellá.

## **SEPARACIÓN DE REFUGALLO**

Á hora de tirar o lixo é importante separar e reciclar nos colectores que existen no noso concello para este fin (azul para cartón, amarelo para envases de plástico e iglú verde para o vidro).

## **ACCESOS ÁS LEIRAS PARTICULARES**

Infórmase que en ningún caso os accesos ás leiras interromperán ou modificarán as escorrentías das gabias. Para mellor conservación das pistas municipais e así beneficiarnos todos e todas, lembramos a obrigatoriedade de colocar tubos coas medidas adecuadas nas entradas das leiras.

## DISTANCIAS MÍNIMAS EN PLANTACIÓNS FORESTAIS

Informamos á veciñanza que segundo o anexo II da Lei 7/2012, do 28 de xuño, as distancias mínimas que deben respectar as repoboacións forestais, en función da especie da que se trate, son as seguintes:

	<b>FRONDOSAS</b> (ameneiros, bidueiros, castiñeiros, carballos, loureiros, nogueiras...)	<b>RESTO DE ESPECIES</b> (eucaliptos, piñeiros, acacias...)
Estradas convencionais Nacional N-634 (Santiago-Curtis) Estrada autonómica AC-524 (Ordes-Lanzá) Estradas provinciais DP-3801, DP-3802 (Ordes-Ponte Carreira e Frades-Sigüeiro)	<b>4 m</b>	<b>10 m</b>
Pistas locais e forestais municipais	<b>2 m</b>	<b>4m</b>
Vivendas, solo urbano, núcleos rurais	<b>15 m</b>	<b>50 m</b>

As distancias deben medirse dende o límite do dominio público, é dicir, dende a aresta exterior da gabia. O non cumprimento da Lei constitúe unha infracción administrativa grave, que poderá dar lugar á obriga de reparar o dano causado así como ao pago dunha multa sancionadora.



**COLABORA:**

**Deputación  
DA CORUÑA**



**XUNTA  
DE GALICIA**

**ORGANIZA:**



**CONCELLO  
DE FRADES**

**MÁIS INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS  
NO CONCELLO DE FRADES**

**981 695 567 - 981 695 663**

**[www.concellodefrades.es](http://www.concellodefrades.es)**

